

## En sociedade

# BÁGOAS DAS BOAS, DAS DE EMOCIÓN

ESAS FORON AS QUE VERTERON AS NOSAS PROTAGONISTAS DE HOXE: UNHA NOIVA AO CASAR LEVANDO O TRAXE DA SÚA NAI E UNHA XORNALISTA AO LEMBRAR A UN AMIGO DESAPARECIDO

► TEXTO: MARU TORRES  
FOTOS: AEP

## Sara Lage ten o seu taller a pleno rendemento

Antes, a falta de psicólogos, había sitios nos que a xente se quitaba a máscara para contar as súas penas e alegrías. No confesionario, sentados fronte á barra dun bar cun vaso na man ou medio espidos ante o espello, mentres a costureira de toda a vida subía baixos e metía costuras.

Aí xurdían historias cheas de vida. E de beleza. Historias tan entrañábeis como a de **Inés**, que nunha voda, mentres se encargaba de 'pinchar', pensaba que o vestido que levaba a noiva lle gustaba moitísimo. Falando con ela, Inés descubriu que o traxe nupcial que a ela lle gustaba era o mesmo que no seu día levaba a nai da contraínte —xusto o que ela desexaba!— e que a que lograra facer ese soño realidade fora a modista lucense **Sara Lage**.

Inés falou con Sara e, hoxe en día, coída que foi a mellor decisión que puido tomar. A conexión entre ambas resultou inmediata e, ademais, a lucense ofreceulle unha solución perfecta ao seu problema: Inés quería recuperar o vestido de noiva da súa nai, pero a parte superior estaba moi estragada, así que xuntas decidiron cortar o vestido, aproveitar a saia e facer unha blusa nova. O resultado foi perfecto e a noiva deu o «sí» feliz.

Por esta e outras historias semellantes, a miña amiga Sara Lage tivo que colgar esta semana o cartel de que non acepta máis encargos a medida ata outubro, xa que non lle queda nin unha hora libre. Un éxito merecido.



A aperta de Aída Soilán e Nieves Herrero, Inés co seu vestido de noiva (foto de @alicia\_seoane) e Sara Lage.



## Aída Soilán fixo chorar a Nieves Herrero

Outra lucense, e tamén boa ami-

ga, á que lle van as cousas rodadas é a **Aída Soilán Enríquez**, da que xa lles avanzamos que ía presentar na Casa de Galicia en Madrid a súa primeira novela, arroupada polo delegado da Xunta en Madrid, **José Ramón Ónega**; a xornalista **Nieves Herrero** e o filósofo **Wenceslao Castañares**. Uns padriños

de excepción para Aída, que no 'bautismo' en Lugo tamén estivo máis que ben acompañada polo escritor **Francisco Narla** e a xornalista **Evi Nogueira**.

Aída estaba moi emocionada coa presenza de Nieves, xa que a veterana comunicadora foi unha das súas profesoras no posgrao que

no seu día realizou na Escuela de Presentadores de **Jesús Hermida**. Ese sería, precisamente, o último curso que impartiu Hermida antes do seu falecemento. O veterano xornalista adoitaba entregarlles a cada un dos seus alumnos unha carta personalizada na que valoraba as súas cualidades, resaltando no

caso da lucense a súa capacidade para a literatura.

Por iso, Aída quixo recuperar esa carta e lela en público na presentación da súa primeira novela, algo que fixo emocionar ata as bágoas a Nieves Herrero, pola estreita relación que a unía a Hermida.